INFORME ANUAL

CURSO 21/22

29/11/2022

Memoria das Actividades e Económica da ANPA Castro Baxoi

CONTIDO

Presidencia e Secretaría. ..... …….. 1

Web, Redes Sociais y Aplicación Móbil……2-4

Tesourería. Balance de contas. Subvencións e convenios. 5-16

Comisión de Conciliación……..17-23

Comisión de Extraescolares…… 25-29

Renovacións, cesamentos e nomeamento dos cargos da xunta directiva..... 30

PRESIDENCIA

Querería empezar esta asemblea dando as grazas como non podería ser doutra forma a todos os que integran o ANPA, pois realizaron un traballo non recoñecido e en ocasións criticado; e aínda así levantaron o aspecto, apertando os dentes e seguiron dando ese tempo non remunerado para que os nosos hij@s poidan dispoñer duns servizos e unhas actividades extraescolares.

Relación co colexio e o Concello

Ao longo do curso mantívose reunións coa dirección do centro. Ante calquera cuestión, sempre tivemos a facilidade de comunicarnos polo teléfono e WhatsApp. Así mesmo, tamén tivemos ocasión de falar co alcalde sobre as necesidades do colexio.

SECRETARÍA

O ANPA quixo estar sempre presente para axudar no que as circunstancias permitían e colaborar tanto co Concello como no Colexio na medida do posible e sempre que se nos demandou aí estivemos.

Os datos para reflectir deste ano no ANPA, é un aumento no número de socios, partíamos en Decembro de 2020 con 244 socios e a día de hoxe somos 292 familias socias. Déronse de alta 48 familias.

Mantense a cota anual de 20 € e matrícula non socios de 18 € por neno e por actividade e/o servizo.

Ao longo deste tempo tomáronse decisións, todas elas coa súa correspondente votación aprobada pola directiva do ANPA.

Durante este ano, onde se vía por fin o final da pandemia, realizáronse máis accións no colexio que o ano anterior, co pintado de pistas deportivas por parte de persoal docente, membros do ANPA e familias; ademais de envorcarnos en todas as medidas que desde o centro pedíusenos.

WEB-REDES SOCIAIS-APLICACIÓN MÓBIL

1. PÁXINA WEB

O funcionamento da web está activo, foi creada baixo a plataforma de WordPress, un formato tipo blogue, a cal contén páxinas fixas cos distintos servizos que ofrece este ANPA. É un sitio web multilingüe: castelán e galego, para así facilitar ao usuario elixir o idioma que máis lle conveña.
Mántense a Dinahosting como empresa encargada do mantemento do aloxamento e o dominio da web.

2. REDES SOCIAIS

2.A. ESTADO DO WHATSAAP:

Número de Publicacións: 310

Cada publicación obtivo: entre 45 e 65 visitas

2.B. FACEBOOK

Na actualidade contamos cunha audiencia de:

- Seguidores 728 (28 máis que o curso pasado). Dentro dos nosos seguidores un 73% son Mulleres e un 27% son Homes.
- Gústame da páxina: 654 (68 máis que o curso pasado) 74,3% mulleres e un 25,7% homes.
- Novos Gústame: 47, un 30,6% máis
- Alcance da Páxina (Reaccións, Comentarios e Nº de persoas que viron a publicacións): 18.616 (máis do dobre con respecto ao curso pasado)
- Visitas á páxina: 1.599 visitas, un 23,1% máis que o curso pasado.

2.C. INSTAGRAM

Creouse o perfil no curso 2018/2019, o cal tivo gran aceptación entre os nosos seguidores. A continuación detállase:

- Publicacións: 317 (96 publicacións máis con respecto ao curso pasado).

78,8% mulleres e un 21,1% homes

- Seguidores: 478 (134 seguidores máis que o curso pasado).
- Siguiendo: 312
- Contas alcanzadas: 366
- Interaccións co contido: 166 (50% máis con respecto ao curso pasado).
- Insights das publicacións total: 11.929
- Insights das historias total: 2.523

2.B. TWITTER

Na actualidade temos:

- 51 Seguidores
- Seguidos: 62
- Tweets (Publicacións): 501 (87 máis con respecto ao curso pasado)
- Gústanme: 220 (8 máis con respecto ao curso pasado)
- Retweets: 37
- Impresións e Interaccións con Tweets: 3.001

3. APLICACIÓN MÓBIL

Como novidade para este curso, este ANPA apostou por seguir mellorando a comunicación coas familias, polo que poñemos a disposición unha nova ferramenta como o é esta aplicación móbil, a cal, adquiriuse e púxose en marcha no mes de setembro de 2021. Esta App ten como obxectivo principal; manter informados a todos os nosos socios mediante notificacións instantáneas de todas as novidades, actividades e eventos socio culturais que levemos a cabo, así como toda a información que sexa de interese, relacionada coa educación dos nosos fillos. Nesta aplicación atoparedes distintos apartados para que teñades a información máis accesible e fácil de atopar.

Exercicio TESOURERÍA CURSO 2021-2022

DATOS COMPRENDIDOS DENDE o 1 DE SEPTEMBRO DE 2021 ATA O 31 DE AGOSTO DE 2022

No presente estudo analizaremos o estado de contas do curso académico 2021-2022, no periodo comprendido dende o día un de setembro de 2021, ata o día trinta e un de agosto de 2022. Analizaranse os principais ingresos recibidos e gas tos realizados no mencionado periodo, co obxecto de deixar unha visión o máis clara posible do estado das contas da nosa asociación.

Co obxecto de poder levar a cabo o noso proxecto socio-educativo, a nosa asociación, además de organizar e xestionar os servizos de mañanceiros, comedor e actividades extraescolares (necesarios para facilitar a conciliación laboral dos nosos socios), participa de modo activo en toda a actividade académica do centro escolar, apoiando a éste en todas aquelas necesidades que poidamos cubrir; pois entendemos que só traballando xuntos poderemos brindar os nosos pequenos e pequenas unha educación de calidade.

É a Educación das nosas crianzas o motor que nos move a traballar ano tras ano por e para eles, pois non podemos avanzar como sociedade se non garantimos a mellor das educacións para os nosos fillos; facendo este traballo, con esforzo e dedicación, co único afán de poder formar parte activa na súa educación e no seu crecemento socio-afectivo.

Non somos máis que un pequeno grupo de nais e pais, que unimos os nosos esforzos e traballo para conseguir obter o mellor para todolos alumnos e alumnas do CPI Castro Baxoi.

CONTENIDO

Principais ingresos e gastos do exercicio
Subvencións presentadas no exercicio 2021-2022

SALDO A 31/10/2022: 25.658,82€

Ingresos ordinarios y extraordinarios da asociación

1.- INGRESOS ORDINARIOS

Os ingresos ordinarios da nosa asociación corresponden as aportacións anuais que en forma de cota fan as nosas familias socias, ascendendo o importe da mesma a 20,00€ por familia e curso académico.

De igual modo, existen familias que non sendo socias, utilizan os servizos de conciliación que organiza á asociación, para o cal ingresan en concepto de matrícula a cantidade de 18,00€ por cada actividade que empregan (servizo de mañanceiros, comedor ou actividades extraescolares).

INGRESOS ORDINARIOS COTAS E MATRICULAS CURSO 2021-2022	**5.179,17€**

2.- INGRESOS EXTRAORDINARIOS

A nosa asociación, co obxecto de buscar máis recursos económicos para poder levar a cabo o seu proxecto, presenta varias subvencións ante os distintos organismos públicos que ás convocan de forma anual; Xunta de Galicia, Diputación Provincial da Coruña e Concello de Miño, respectivamente, tengo a gran sorte de que foron concedidas todas elas, tanto no curso 2020-2021, como no curso 2021-2022.

Pasamos a continuación a relatar de forma indiviualizada as subvencións e os importes concedidos por cada organismo, aboadas no curso 2021-2022.

Pasaremos agora a informar individualmente das subvencións e das cantidades concedidas por cada organismo, aboadas no curso 2021-2022.

ORGANISMO	NOME DA SUBVENCIÓN	DATA DO INGRESO	IMPORTE ABONADO
XUNTA DE GALICIA	AXUDAS A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR (CURSO 2020-2021)	29/12/2021	5.900,70€
CONCELLO DE MIÑO	SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓNS NOMINATIVA ANO 2021 (PRIMERA PARTE)	30/12/2021	1.600,00€
XUNTA DE GALICIA	SUBV. SI449B VIOLENCIA DE XENERO (2021) (ULTIMA PARTE)	13/01/2022	721,50€
DIPUTACIÓN DE LA CORUÑA	SUBV. F0204/2021 INVESTIMENTOS	07/05/2022	2.593,83€
DIPUTACIÓN DE LA CORUÑA	SUBV. F0203/2021 ACT CULTURAIS	20/05/2022	4.010,99€
CONCELLO DE MIÑO	SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIONES NOMINATIVA AÑO 2021 (SEGUNDA PARTE)	24/05/2022	400,00€

XUNTA DE GALICIA	SUBV. SI449B VIOLENCIA DE XÉNERO (2022) (ANTICIPO)	24/09/2022	2.250,00€

- Mencionar neste apartado, que tamén nos foi concedida pola Exclta Diputación da Coruña as subvencións correspondentes a Rede Cultura e a Subvención F0203/2021 para realización de actividades culturais, que se realizará no que queda de ano 2022 nas instalacións do noso colexio CPI Castro Baxoi.

PRINCIPAIS GASTOS

Neste apartado faremos un pequeno resumo dos gastos máis importantes da nosa asociación, necesarios para o seu correcto funcionamento e para o desenvolvemento do seu proxecto socioeducativo.

DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE TOTAL DO GASTO EXERCICIO 2021-2022
LÍNEA TELEFÓNICA DA ASOCIACIÓN (COMPAÑÍA TELEFÓNICA R)	228,00€
ASESORAMENTO FISCAL E CONTABLE (ASESORÍA RÚA XESTIÓN)	290,04€
MPOSTOS DE OBRIGADA PRESENTACIÓN POLA ASOCIACIÓN	78,00€
PRIMAS DE SEGURO	872,66€

(COMPAÑÍA ALLIANZ SEGUROS)	
COTA ANUAL DA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS	100,00€
RENOVACIÓN DOMINIO INTERNET (EMPRESA DINAHOSTING)	103,07€
MATERIAL DE OFICINA, FOTOCOPIAS E CARTELERÍA EMPLEADOS PARA A CORRECTA E CONSTANTE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS	95,37€
COMPRA DE MERENDAS SAUDABLES PARA TER A DISPOSICIÓN DO CENTRO ESCOLAR NO CASO DE QUE OS PEQUENOS SE ESQUEZAN DE LEVALAS E NON SE VEXAN PRIVADOS DA MESMA	81,05€

Además no curso 2021-2022 a asociación realizou os seguintes investimentos e actuacións, co obxectivo de poder levar a cabo o seu Proxecto Socioeducativo anual, así como para prestar axuda económica ó centro escolar para mercar algunos dos materiais que eran precisos para o correcto funcionamento do mesmo.

A continuación, indicamos os gastos:

1.-**CONXUNTO DE ESPELLOS COLOCADOS NO XIMNASIO DO CENTRO ESCOLAR.** (Destinados a ser empregados nas diferentes actividades extraescolares desenvoltas no mesmo): 477,95€ (Gasto que foi subvencionado en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

2.-**APP PARA COMUNICACIÓN DIRECTA COS NOSOS SOCIOS. APLICACIÓN PARA TELEFONOS MOBILES:** 429,55€ (Gasto que foi

subvencionado en parte a través da subvención que concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

3.- **ALTAVOZ PORTATIL MODELO IBIZA SOUND PARA SER EMPREGADO NAS DIFERENTES ACTIVIDADES REALIZADAS NO COLEXIO:** 240,00€. (Gasto que foi subvencionado en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

4.- **ESPECTÁCULO-DIDÁCTICO "CONTACONTOS" LEVADO A CABO NAS INSTALACIÓNS DO COLEXIO PARA CONMEMORAR O 25N, REALIZADO POLO XENIAL ARTISTA FELIPE CAXOTO:** 218,50€. (Espectáculo que foi subvencionado pola Xunta de Galicia, dentro das actividades de fomento da igualdade e a erradicación da violencia de xénero, concedidas no ano 2021).

5.- **ESPECTÁCULO-DIDÁCTICO DE MÚSICA EN DIRECTO, LEVADO A CABO NAS INSLATALACIÓNS DO COLEXIO; REALIZADO POLO GRUPO "CE E A ORQUESTA PANTASMA".** 440,00€. (Espectáculo que foi subvencionado en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

6.- **ESPECTÁCULO-DIDÁCTICO DE MÚSICA EN DIRECTO, LEVADO A CABO NAS INSLATALACIÓNS DO COLEXIO, PARA CONMEMORAR A FESTIVIDADE DE SAMAIN:** 955,90€. (Espectáculo que foi subvencionado en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

7.- **ESPECTÁCULO DE MAXIA EN DIRECTO, LEVADO A CABO NAS INSTALACIÓNS DO COLEXIO, POLO XENIAL ARTISTA "MAGO NOEL":** 423,55€ (Espectáculo que foi subvencionado en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

8.- **CHARLAS EDUCATIVAS SOBRE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE E IMAXE PERSOAL, LEVADAS A CABO NAS INSTALACIÓNS DO COLEXIO:** 604,00€ (Espectáculo que foi subvencionado en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

9.- **CHARLAS EDUCATIVAS SOBRE A TEMÁTICA DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO; LEVADAS A CABO NAS INSTALACIÓNS DO COLEXIO, E COMPRA DE LIBROS PARA CREAR UNHA PEQUENA BIBLIOTECA SOBRE ESTA TEMÁTICA NO CENTRO ESCOLAR:** 1.529,00€ (Subvencionada pola Xunta de Galicia, a través da subvención sobre esta temática, concedida a nosa asociación no ano 2021).

10.- **TALLERES VARIOS SOBRE A TEMÁTICA DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO, CON ADESTRAMENTO SOBRE DEFENSA PERSOAL; LEVADOS A CABO NAS INSTALACIÓNS DO CENTRO ESCOLAR:** 600,00€. (Subvencionada pola Xunta de Galicia, a través da subvención sobre esta temática, concedida a nosa asociación no ano 2021).

11.- **ACTIVIDADE DE CONCIENCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL - ROTEIRO INTERPRETADO POR PONTE DO PORCO:** 494,55€ (Actividade que foi subvencionada en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

12.- **ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL CON ANDAINA INCLUIDA:** 726,00€. (Actividades que foron subvencionadas en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

13.- **ACTIVIDADES EDUCATIVAS DE NADAL. CON ESPECTÁCULOS VARIOS (DECORACIÓN, MAXIA, RECICLAXE…): 1.173,50€; LEVADAS A CABO NO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE MIÑO SITO EN LOIOS.** (Actividades que foi subvencionada en parte a través da subvención que nos concedeu a Deputación da Coruña no ano 2021).

14.- **CORCHO PARA COLOCAR EN DIFERENTES AULAS DO CENTRO ESCOLAR, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES VARIAS:** 619,30€ (Subvencionado en parte pola subvención da Deputación da Coruña do ano 2021).

15.- **OBRADOIRO EDUCATIVO: O ENTROIDO TRADICIONAL GALEGO NAS AULAS DO CPI CASTRO BAXOI:** 1.500,00€ (A incluir na subvención concedida pola Deputación da Coruña neste ano 2022).

16.- **CONXUNTO DE BANDEXAS DE POLIETILENO PARA SER EMPREGADAS NO NOVO COMEDOR:** 780,16€. (A incluir na subvención concedida pola Deputación da Coruña neste ano 2022).

17.- **CONXUNTO DE MESAS E CADEIRAS PARA EMPREGARNAS INSTALACIÓNS DO NOVO COMEDOR DO CENTRO ESCOLAR:** 1.926,99€ (A incluir na subvención concedida pola Deputación da Coruña neste ano 2022).

18.- **CARRO DE TRANSPORTE DE BANDEXAS E UTENSILIOS VARIOS, PARA EMPREGAR NAS INSTALACIÓNS DO NOVO COMEDOR DO CENTRO ESCOLAR:** 363,36€. (A incluir na subvención concedida pola Deputación da Coruña neste ano 2022).

19.- **CONXUNTO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO VARIO PARA SER EMPREGADO NO NOVO COMEDOR DO COLEXIO (LAVALOUZAS, MESAS DE MANTEMENTO DE COMIDA QUENTE, FREGADEIRO E GRIFO DUCHA):** 8.488,63€. (Material subvencionado polas diferentes subvencións concedidas pola Xunta de Galicia para a xestión de comedores escolares, concedidas en varios exercicios).

20.- **TROFEOS PARA CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO:** 89,95€. (A incluir na subvención concedida pola Deputación da Coruña neste ano 2022).

21.- **XORNADA EDUCATIVA DE XOGOS TRADICIONAIS NO CPI CASTRO BAXOI; PARA CONMEMORAR O DÍA DAS LETRAS GALEGAS:** 1.350,00€. (A incluir na subvención concedida pola Deputación da Coruña neste ano 2022).

*Por último esta comisión de tesourería, non pode deixar pasar o presente documento, sen facer especial mención o traballo e dedicación que toda a Xunta Directiva fixo ó longo deste curso académico (**QUE DE MANEIRA TOTALMENTE DESINTERESADA, UN ANO MÁIS SEGUE A DONAR O SEU TEMPO PARA E POR A EDUCACIÓN E BENESTAR DOS NOSOS PEQUENOS…SENDO UN PRACER FORMAR PARTE DESTE GRAN EQUIPO);** ó gran traballo e predisposición de todo o equipo educativo do centro escolar **CPI CASTRO BAXOI**; a inestimable axuda do **CONCELLO DE MIÑO** para coordinar en conxunto diferentes medidas e actividades, tanto á corporación, como os empregados do mesmo, sempre dispostos a implicarse e axudar; os supermercados **EROSKI MIÑO e DIA MIÑO e a ASOCICIÓN DE COMERCIANTES DE MIÑO** (polas súas constantes doazóns, totalmente desinteresadas), e o resto de asociacións do concello. De igual modo, facer mención especial a todas as nosas **familias socias**, que un ano máis seguen a confiar no noso traballo, **GRAZAS POLA VOSA CONFIANZA, PORQUE UN ANO MÁIS SEGUIMOS A MEDRAR EN NÚMERO DE SOCIOS**.*

SUBVENCIONS PRESENTADAS NO EXERCICIO 2021-2022.

Neste apartado faremos un breve resumo das subvencións que foron presentadas neste exercicio.

- **SUBVENCIÓN SI449B DA XUNTA DE GALICIA DESTINADA A FINANCIAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO, ANO 2022**.

  1. Concedida de maneria definitiva.
  2. Importe total concedido: 3.000,0:€, dos cales 2.250,00€ xa foron abonados na conta da asociación o pasado.
  3. O total das accións formativas contidas na memoria deberán realizarse antes do día 30 de novembro, debendo xustificarse a mesma antes do 10 de decembro de 2022.

- **SUBVENCIÓN ED601A DA XUNTA DE GALICIA DESTINADA A COFINANCIACIÓN DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR XESTIONADOS POLAS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DOS CENTROS PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS (Curso 2021-2022).**
  1. Presentada no mes de outubro deste ano e pendente de resolución.

- **SUBVENCIÓN FO203/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DESTIANDA A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA REALIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2022.**
  1. Concedida de maneira definitiva.
  2. **Importe total concedido: 7.000,00€**, pendentes de ser abonados na nosa conta, ata que se xustifiquen os gastos.
  3. A día de hoxe xa foron realizadas diversas actividades incluidas na citada subvención, actividades que tralo comenzo do curso 2022-2023 estanse a levar a cabo na súa maioría no Centro Escolar CPI Castro Baxoi e en horario lectivo.

- **SUBVENCIÓN F0204/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DESTINADA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS**

CULTURAIS REALIZADOS DURANTE O ANO 2022 POLAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO.

1. Concedida de maneira definitiva.
2. **Importe total concedido: 4.000,00€**, pendentes de ser abonados na conta da asociación, ata a xustificación dos gastos realizados.

- **SUBVENCIÓN DO ANO 2022 DO CONCELLO DE MIÑO DESTINADA A SUBVENCIONAR OS GASTOS REALIZADOS POLAS ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO.**
    1. Pendente da sinatura do convenio co Concello e posterior abono e xustificación. O importe da mesma, ascenderá a 2.000,00€, como anos anteriores.

COMISIÓN DE CONCILIACIÓN

Os servizos de Conciliación do CPI Castro Baxoi están xestionados por este ANPA, dispoñemos de servizo de Mañanceiros e de servizo de Comedor, ambos os ofrecidos por empresas privadas e externas ao colexio.

MAÑANCEIROS:

Este servizo ofrécese na aula habilitada para tal fin na planta baixa do colexio, en horario de 7:30 a 9:00 h da mañá, nas modalidades de fixos e esporádicos e con posibilidade de facelo con almorzo ou sen el. Servizo xestionado pola empresa Jardanay contando coas mesmas 2 monitoras que no curso anterior.

O curso 2020-2021 iniciouse baixo os criterios establecidos no protocolo COVID-19 elaborado pola empresa xestora e aprobado polo ANPA e a dirección do centro. A media de usuarios do servizo foi de 14.

COMEDOR:

Este servizo ofreceuse desde inicio de curso ata Marzo 2022 na aula habilitada para tal fin na planta baixa do colexio, en horario de 13:30 a 16h; nas modalidades de fixos, fixos descontinuos e esporádicos (este último retomouse tras o cambio ao novo comedor).

Jardanay é a empresa que presta este servizo e para iso conta con cinco monitores/as.

O curso 2021-2022 retomouse baixo os criterios establecidos no protocolo elaborado pola empresa xestora e aprobado polo ANPA e a dirección do centro.

Ante a situación de pandemia por COVID-19 traballamos coa empresa xestora para poder sacar adiante o servizo de comedor, para iso realízanse diferentes accións, entre elas:

- Ampliación do servizo a 3 quendas de comida de 13:30 a 16:00.

• Infantil (mantendo os grupos de convivencia estable)

• Primeiro ciclo de primaria

• Segundo ciclo de primaria e secundaria.

- Servizo Jardanay na casa (é unha modalidade de comida para levar mediante a cal o neno ou nena abandonará o colexio levando consigo unha bolsa co menú envasado. O horario de saída desta modalidade é de 13:30h a 14:30h.)

A media de usuarios do comedor foi de 117 (cara a final do curso 122) en modalidade fixos e fixos descontinuos e de Jardanay na casa de 1.

Novo Comedor:

Durante este curso a xunta directiva do ANPA traballou intensamente para sacar adiante o novo comedor. Foi unha tarefa complicada debido ás trabas administrativas e tras varias paradas temporais na obra ao longo do curso 20-21, a obra concluíuse en marzo 2022, podendo iniciar o servizo nas novas instalacións o 07/03/22.

Grazas ao novo espazo puidéronse reducir as quendas de comida de 3 a 2 (primeira quenda 13:40-14:30 e segunda quenda 14:40-15:30) e retomouse a rutina de lavado de dentes.

O ANPA encargouse do aprovisionamento dos equipos do novo espazo a través da empresa **Quifyl** así como da contratación do servizo de limpeza para a posta a punto do servizo:

- mesa quente Autoservizo.
- mesas de apoio.
- Carro de transporte.
- lavalouzas de campá e mesa de saída.
- Reacondicionamiento do actual office cun novo vertedoiro e billa de ducha.
- bandexas para o servizo.

A empresa Jardanay colaborou no cambio de localización do equipamento (mesas e cadeiras) desde o antigo comedor ao novo espazo, así como, tamén na dotación dalgúns materiais (cubos de lixo…)

Os membros do ANPA encargámonos da preparación do espazo:

- Almacenamento do material para a hixiene dental (colocando andeis e caixoneiras cara á saída do comedor)
- Recolocación do armario onde se garda o material de extraescolares que se colocou á entrada do comedor.
- Recolocación da TV.
- Colocación de colgadoiros.

Outros:

- Cambio de localización do telefonillo para o novo espazo.

IMÁXENES DO NOVO COMEDOR:



Zona da entrada principal e almacenaxe de extraescolares

Vista general

Vista Xeral

Zona de Servizo

Zona de Servizo

Mesa quente e Mesa Auxiliar

Lavalouzas de campá, vertedoiro con billa ducha monomando e mesa de saída

Zona de almacenaxe (neceseres para hixiene dental)

Servizo en bandexas

Incidencias:

- Detéctase a falta de asistencia dalgúns nenos da ESO sen o consentimento dos seus pais. Ante este feito, acórdase entre pais e monitores que as faltas ao comedor xustificaríanse por escrito. Non se volveu a repetir.
- Caída accidental de 2 nenos durante o servizo de comedor que non resultan de gravidade (un en novembro 2021 e outro en abril 2022). Xestiónanse a través do seguro do comedor sen máis transcendencia.

Outros:

A empresa Jardanay ofrece gratuitamente unha chocolatada tras o desfile de Entroido.

COMISIÓN DE EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Dende setembro de 2021 ao xuño de 2022

Na seguinte táboa recóllense as actividades extraescolares que se ofertaron para o curso 2021/2022.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PSICOMOTRICIDADE Infantil a 2º EP 16.00 a 17.00h	IUDO Infantil e Primaria 16:00 a 17.00h	MULTIDEPORTE De 3º a 6º E.P 16.00 A 17.00h	IUDO Infantil e Primaria 16:00 a 17.00h	BALONCESTO De 1º EP a ESO 16.00 a 17.00h
ROBÓTICA LEGO De 1º a 3º E.P 16.00 a 17.00h	AVENTURA 1 De 1º a 3º Primaria 16.00 a 17.00h	PEQUEMANITAS Infantil a 1º E.P 16.00 a 17.00h	MASTER CHEF A partir de 3º E.P 16.00 a 17.15h	OBRADOIRO MANGA De 3º E. P a ESO 16.00 a 17.00h
	MINI CHEF Infantil a 2º E.P 16.00 A 17.15 h	ESCOLA DE MÚSICA De 4º a 6º E.P 16.00 a 17.00h	OBRAD. LITERARIO De 4º EP a ESO 16.00 a 17.00h	HIP-HOP De 4º EP a ESO 16.00 a 17.00
ZUMBA 2 De 4º a 6º E.P 17.00 a 18.00h	XÁDREZ A partir de 1º E.P 17.00 a 18.00h	MUSICA E MOVEMENTO Infantil a 2º E.P 17.00 a 18.00h	XÁDREZ A partir de 1º E.P 17.00 a 18.00h	ZUMBA G1 Infantil a 3º E.P 17.00 a 18.00

ROBÓTICA LEGO De 4º a 6º E.P 17.00 a 18.00h	AVENTURA 2 De 4º E.P a ESO 17.00 a 18.00h	ARTIST A partir de 2º E.P 17.00 a 18.00	IOGA INFANTIL Infantil e Primaria 17.00 a 18.00	PARKOUR De 3ºEP a ESO 17.00 a 18.00h
	BALLET Infantil e Primaria 17.00 a 18.00h			

- Das actividades propostas, non se formou grupo, por falta de inscripcións nas seguintes actividades: OBRADOIRO LITERARIO, ESCOLA DE MÚSICA,
- Nas seguintes actividades con poucas inscripcións, fixose un grupo único para sacar a actividade: AVENTURA, ROBÓTICA LEGO

As Actividades son xestionadas pola empresa **GEO GALICIA EVENTOS E OCIO** a data 19/11 tiñan a seguinte participación:

PSICOMOTRICIDADE: 10

ROBÓTICA LEGO: 9

ZUMBA 2: 7

IUDO: 22

MINI CHEF: 11

AVENTURA: 17

BALLET: 10

MULTIDEPORTE: 11

PEQUEMANITAS: 9

MÚSICA E MOVEMENTO: 7

ARTIST: 12

MASTERCHEF: 8

XÁDREZ: 9

IOGA INFANTIL: 6

BALONCESTO: 15

HIP-HOP: 9

ZUMBA 1: 9

PARKOUR: 12

OBRADOIRO MANGA: 7

ACTIVIDADE DE CONCILIACIÓN:

Neste curso propúxose una actividade de conciliación dende as 16:00 ata as 18:00 horas de luns a venres para axudar ás familias con varias opción que se adaptasen ás suas necesidades. Esta actividade segue a disposición de quen o precise.

INGLÉS.

Neste curso presentamos unha nova actividade: Escola de Idiomas coa academia Get Brit, neste caso a actividad desenrolase no Centro social daA Rúa con duas clases semanais para cada grupo.

OUTRAS ACTIVIDADES:

- **ANDAINAS**

Os alumnos de 2º, 4º e 6º de Primaria realizaron unha ruta dentro do horario escolar acompañados dos seus Mestres e un guía que lles foi contando lendas sobre a zona, Información sobre a fauna e flora…

Esta actividade realizouse en diferentes días durante o primeiro trimestre do curso.

ENTRADA PARA SOCIOS .XUVENIS DEPORTIVO DA CORUÑA

Ofrecimos ós nosos socios entradas de balde para asistir como público ó partido da segunda eliminatoria da UEFA Youth League que disputaron os xuvenís do Deportivo da Coruña.

CONCERTO DIDÁCTICO DE SAMAÍN.

O 4 de novembro tivo lugar un concerto no colexio para alguns grupos no que participaron duas Cantareiras como son Fransy González e Andrea Montero, además os alumnos poideron familiarizarse con instrumentos tradicionais da zona.

ESPECTÁCULO DE MAXIA.

O día 10 de Novembro tuvo lugar un espectáculo de Maxia para os cursos de 5º e 6º de primaria no colexio a cargo do Mago Noel.

CAXOTO CONTACONTOS

O día 17 de novembro, no colexio, os alumnos de infantil, poideron disfrutar en vivo dun contacontos sobre igualdad a cargo de Caxoto Contacontos.

ESPECTÁCULO DIDÁCTICO MUSICAL

O día 19 de Novembro, no colexio, os alumnos de infantil poideron disfrutar dun concerto didáctico a cargo “do Home orquesta”, acercando así a música a os máis pequenos.

MIÑOPREVENCIÓN III DE VIOLENCIA DE XÉNERO E PROMOCION DA IGUALDADE.

Durante o mes de novembro tivieron lugar varios talleres sobre prevención de violencia de xénero e promoción da igualdade entre los alumnos de quinto e sexto de primaria.

RENOVACIÓNS, CESES E NOMEAMENTOS DOS CARGOS DA XUNTA DIRECTIVA.

MEMBROS SAÍNTES:

1. Susana Antúnez Presedo (Secretaria)

COMPOSICIÓN DA NOVA XUNTA DIRECTIVA:

Presidente: Luis Angel Fernández Pérez

Vicepresidenta: Lorena Blanco Casas

Secretaria: Begoña Yolanda San Isidro García

Tesourera: María José Gómez Fernández

Vogal: Ana María Rodríguez Méndez

Vogal: Daniela Gaiteiro Vila

Vogal: Maria del Carmen Cambeiro Quintans

Vogal: Rosalina del Rio Quintillán

Vogal: Pablo Gómez Fernández

Vogal: Susana Griselda Gómez Silva

Vogal: Pablo Mayobre Vizoso

Vogal: Nadia Sánchez Eibe

Vogal: Natalia González García

Apróbase por unanimidade a nova Xunta Directiva.

Susana Antúnez Presedo

Secretaria

Luis A. Fernández Pérez

Presidente